



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A LICITACIÓN E CONTRATACIÓN POLO SISTEMA DE PROCEDIMENTO ABERTO, CON UN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO), DO SERVIZO DENOMINADO “ESCOLAS DEPORTIVAS, SERVIZOS DEPORTIVOS PISCINA MUNICIPAL E ACTIVIDADES DE BENESTAR SOCIAL”.

I. ELEMENTOS DO CONTRATO

1) OBJECTO E DURACIÓN DO CONTRATO

O presente contrato ten por obxecto a prestación do servizo (enmarcado na categoría 26 das enumeradas no Anexo II do real decreto legislativo 3/2011, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público) de xestión e execución das Escolas Deportivas, (lote 1), Servizos Deportivos Piscina Municipal (lote 2), e Actividades de benestar social (lote 3). O obxecto do contrato divídese por lotes, debendo os licitadores formular unha proposta individual para cada un dos lotes a cuxa adxudicación opten. A estes efectos sinálase que poderán presentar proposta para ser adxudicatario de cada un dos lotes, de tres, de dous ou poderán presentar proposta a un único lote.

A súa descrición, características e especificacións se establecen nas prescricións técnicas.

No caso de contradición entre o Prego de cláusulas administrativas particulares e o Prego de prescricións técnicas (PCT) prevalecerá o primeiro.

A necesidade que resulta preciso cubrir para acadar os fins de servizo ao público asignado a esta entidade é a formación deportiva, e de benestar social, no ámbito do Concello da Capela.

Código CPV:

92600000-7 Servizos deportivos

92300000-4 Servizos de entretemento

A presente licitación e contratación non está suxeita a regulación harmonizada.

2) ORZAMENTO MÁXIMO DE LICITACIÓN

O orzamento máximo de licitación é o que se especifica no epígrafe 2 do cadro de características do contrato, que figura como ANEXO nº 1 (en adiante "cadro de características").



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

A efectos de determinar a publicidade e o procedemento de adxudicación, o valor estimado da contratación a realizar, incluídas as posibles prórrogas, sen incluír o IVE que deberá soportar o concello, ascende á cantidade de 71.223,90 €.

Todas as ofertas deberán indicar por separado a contía correspondente ao prezo neto do contrato e, de ser o caso, a contía correspondente ao IVE. Na contratación destes servizos entenderase que os contratistas, ao formular as súas propostas económicas, incluíron dentro das mesmas o importe do Imposto sobre o Valor Incluído, sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente, de conformidade co art. 87.2 TRLCSP e modelo de oferta económica deste prego (ANEXO Nº 2). Para a comparación do elemento "prezo" das ofertas terase en conta, exclusivamente, o prezo neto de cada unha.

En canto ao sistema de determinación do prezo, indicase que está referido a prezo por unidades de execución, en este caso, prezo por hora. (art. 302 TRLCSP). Os prezos máximos por hora establecidos para a presente licitación son os seguintes:

- Lote 1. Escolas Deportivas.... 23,00€/hora máis IVE
- Lote 2. Servizos Deportivos Piscina Municipal....13,00€ máis IVE(Socorrista Piscina) e 13,00€ máis IVE (Persoa control de entradas)
- Lote 3. Actividades de Benestar Social....85,15€/hora máis IVE (Verán Concilia) e 60,00 €/hora máis IVE (Envellecemento Activo)

O número de horas a contratar para cada unha das actividades, aparece desglosado no PCT, sendo por lotes as seguintes:

Lote 1 Escolas Deportivas: 345 horas anuais

Lote 2 Servizos Deportivos Piscina Municipal: 284 horas anuais (Socorrista) e 347 horas anuais (persoal control de entradas)

Lote 3 Actividades de Benestar Social: 66 horas anuais (Verán Concilia) e 41 horas anuais (Envellecemento Activo).

3) FINANCIAMENTO

A presente licitación e contratación tramítase como expediente anticipado de gasto polo que no orzamento municipal do exercicio 2018 e seguintes, deberán consignarse os créditos necesarios nas partidas correspondentes para atender as obrigas derivadas da licitación e contratación de referencia, operando tal consignación orzamentaria como cláusula suspensiva do contrato.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

4) REVISIÓN DE PREZOS

O prezo do contrato non sufrirá variación algunha ao longo da súa vixencia, nin sequera no caso de que por virtude de disposicións laborais se modificaran os xornais, cotas da seguridade social ou calquera outra remuneración do persoal que se empregue.

5) PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

O contrato adxudicarase polo procedemento aberto, con un único criterio de valoración: Factor prezo.

6) CONSULTA DE PREGOS E OBTENCIÓN DE COPIAS

As persoas interesadas poderán consultar os pregos e obter copias dos mesmos no lugar que se indica no epígrafe 7 do cadro de características.

7) CAPACIDADE PARA CONTRATAR

7.1 Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera os artigos 54 e 60 do TRLCSP, e acrediten

A súa solvencia económica e financeira

considerarase que o licitador acredita a súa solvencia económica e financeira, se o volume anual de negocios do licitador referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos é, polo menos, unha vez e media o valor estimado do contrato.

A súa solvencia técnica

Considerarase que o licitador acredita a súa solvencia técnica cando o importe anual acumulado de traballos do mesmo tipo ou natureza, no ano de maior execución dos últimos cinco, sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato. A efectos de determinar a correspondencia entre os traballos acreditados e os que constitúen o obxecto do contrato, cando exista clasificación aplicable a este último atenderase ao grupo e subgrupo de clasificación ao que pertencen uns e outros, e nos demais casos á coincidencia entre os dous primeiros díxitos dos seus respectivos códigos CPV. O valor estimado para os efectos de cálculo de solvencia é o que se indica no epígrafe 3 do cadro de características,



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

Todos os licitadores, excepto no suposto que se esixa clasificación ou, aínda non esixíndose, se dispoña da clasificación correspondente que substitúa a solvencia (indicada no epígrafe 6 do cadro de características) deberán acreditar a súa solvencia.

7.2 Unións de Empresarios:

Se varios empresarios acoden á licitación como unha unión temporal, cada un deles deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, acompañando todos os documentos a que se refire a cláusula 10 do presente prego, indicando a porcentaxe de cada un deles, así como a designación dun representante ou apoderado único da unión, con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar as empresas para cobramentos e pagamentos de contías significativas.

Para a presentación de ofertas por parte da unión de empresarios non se esixe a formalización da unión en escritura pública. Non obstante no caso de resultar adjudicatária, deberá formalizarse a unión de empresarios en escritura pública deniro do prazo máximo de 15 días a contar desde a notificación da adjudicación do contrato.

8) SOLICITUDE DE OFERTAS E PERFIL DO CONTRATANTE

8.1 A licitación e contratación deste servizo publicarase mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e no Perfil do contratante, na Páxina Web do Concello da Capela. (www.concellodacapela.es).

8.2 Perfil do contratante: Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, as persoas interesadas poderán consultar a información referente ás licitacións abertas a través de Internet na dirección que se indica no epígrafe 9 do cadro de características do contrato, e de conformidade co disposto nos art. 37,53,141,142,151,154,191,192,197 e 334 do TRLCSP.

9) PROPOSTAS: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

- As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no lugar e prazo que se indican nas epígrafes 7 e 8 do cadro de características do contrato en dous sobres cerrados, que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 10.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

- No caso de que as proposicións se envíen por correo, o licitador deberá xustificar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de Correos, e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax (981 459371), telegrama ou correo electrónico (correo@concellodacapela.es) no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de Contratación con posterioridade á data da terminación do prazo sinalado no anuncio.
- Os envíos das propostas a que se refire o apartado anterior deberán remitirse mediante correo urgente, coa fin de non dilatar o acto de apertura de sobres e a adxudicación do contrato. Transcorridos dez días desde a data de finalización do prazo de presentación de ofertas sen que se recibirá a documentación, esta non será admitida en ningún caso.
- Non se admitirá outra forma de presentación que as indicadas no cadro de características do presente prego.
- Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, sen prexuízo da achega de variantes cando as admita o prego de condicións administrativas particulares. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros si xa o fixera individualmente ou figurar en máis de unha unión temporal. O incumprimento destas limitacións dará lugar á non admisión de todas as proposición por el subscritas, (art. 145.3 TRLCSP).
- A presentación das propostas presume a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade destas cláusulas sen salvidade algunha.
- Unha vez que remate o prazo de recepción de propostas, o departamento responsable do Rexistro xeral expedirá unha certificación onde se relacionen as propostas recibidas, as presentadas por correo pero aínda non recibidas ou, de ser o caso, a ausencia de licitadores, que remitirá ao departamento de Contratación.

10. PROPOSTAS: DOCUMENTACIÓN

10.1 Sobre A: subtítulo “Documentación”



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

No anverso do sobre figurará a mención: "Documentación para a contratación do servizopresentada por (nome ou denominación social)". Conterá a seguinte documentación:

1. Declaración responsable do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración e no presente prego de condicións. A declaración axustarase ao seguinte modelo:

D./D^acon DNI e domicilio en..... Actuando en nome propio ou en representación decon domicilio en....., e en relación co contrato Título....
Declara

Que cumpre coas condicións establecidas para contratar coa administración, de conformidade co exposto no art. 146,4 do TRLCSP; comprometéndose en caso de ser o licitador a cuxo favor recaía a proposta de adxudicación, a acreditar perante o órgano de Contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos no apartado 16.2.d) desta cláusula do prego. De igual modo comprométese a achegar en calquera momento e a requirimento da administración, a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser o adxudicatario do contrato, conforme o parágrafo 2 da epígrafe 4 do artigo 146 do TRLCSP.

(Lugar, data e firma do propoñente)

As condicións que se declaren deben ser cumpridas con anterioridade á finalización do prazo de presentación das proposicións.

2. Declaración de empresas vinculadas. No caso de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 145 do TRLCSP, presentárase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou a súa denominación social, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

D./D.^acon DNI número.... En nome propio ou da empresa.... Á que representa no procedemento de adxudicación do contrato:.....

DECLARA

Que na presente licitación (indíquese o que proceda):

Non concorre con empresas vinculadas.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

Concorre coas/s seguinte/s empresa/s:

Denominación.....

NIF.....

(Lugar, data e sinatura do propoñente)

3. Porcentaxe de subcontratación. Porcentaxe sobre o prezo de adjudicación do contrato que teñan previsto subcontratar, dentro da porcentaxe máxima establecido no artigo 227.2.e do TRLCSP sinalando o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia as condicións de solvencia técnica dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización (art. 227.2.a TRLCSP) e axustado ao modelo que se indica no presente apartado. Non entanto, de acordo co establecido na cláusula 27 do presente prego, requirirá autorización previa da administración. A porcentaxe máxima será a establecida na cláusula 27 desde prego.

D.D ^a con DNI, actuando en nome propio ou en representación de Con domicilio en e en relación co contrato Título.....		
Declara que a porcentaxe de subcontratación para este servizo a presos ofertados será o seguinte:% * e que se descompón nas seguintes unidades:		
PRESTACIÓN	NOME OU PERFIL EMPRESARIAL DO SUBCONTRATISTA	PORCENTAXE QUE SE HA DE SUBCONTRATAR AOS PRESOS DA OFERTA (EXPRESADO EN %)
TOTAL QUE SE HA SUBCONTRATAR EN % SOBRE O IMPORTE TOTAL DE ADJUDICACIÓN		
(Lugar, data e sinatura do propoñente)		

* Indicar só a porcentaxe % non o importe

As ofertas que non indiquen a porcentaxe de subcontratación, que excedan do máximo establecido no cadro de características ou que inclúan o importe da subcontratación expresado en euros serán excluídas.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

4. **Declaración**, no seu caso, do número de traballadores discapacitados e porcentaxe que supón sobre o cadro de persoal total.

D./D.^a, con DNI N^o, EN NOME PROPIO OU DA EMPRESA....., á que representa no procedemtno de adxudicación do contrato.

Título:.....

Certifica:

1^o) Que o número global de traballadores de persoal é de, sendo o número particular de traballadores con discapacidade en persoal deo que representa un % (superior ao 2%)

2^o)Que a porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no persoal é do%

(Lugar, data e sinatura do proponente)

5. **Compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para iso.** Para estes efectos deberán presentar o seguinte documento:

D./D.^a.....con DNIe domicilio enprovincia derúan^oen nome propio ou en representación da empresa.....á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución do servizo

Título:.....

Declara que se compromete a adscribir á execución dos traballos os medios persoais e materiais suficientes para elo e acreditar que efectivamente dispón deles a requirimento do Concello en calquera momento da execución do contrato.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

O incumprimento deste compromiso de adscripción considerarase incumprimento de obriga esencial para os efectos establecidos no art. 223.f TRLCSP. Non obstante o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 25 do presente prego.

6. Correo electrónico do licitador para os efectos de comunicacións

Conforme ao disposto polo art. 41 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, as notificacións e comunicacións relativas a este contrato practicaranse por medios electrónicos (a través de Caixa de correos



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

electrónicos disponible na sede.concellodacapela.es, á que o licitador poderá acceder logo da súa identificación mediante certificado dixital.

A estes efectos, identificará (axustándose ao modelo) unha dirección de correo para o envío de avisos informativos da posta a disposición dunha notificación, quedando avisado de que a falla de práctica deste aviso non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida:

D.D.^a Con residencia..... Provincia de Rúa..... número.... Con NIF número.... En nome propio ou en nome e representación da empresa.....con NIF..... e domicilio en.... Provincia de Rúa.... Número.... Teléfono á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de

Título:.....

Identifica a seguinte dirección de correo electrónico.....para a posta a disposición das notificacións e calquera outra comunicación relacionada con devandito contrato, quedando avisado de que a falla de práctica deste aviso non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

(Lugar, data e sinatura do propoñente)

10.2 Sobre C: Subtitulado “Oferta económica”

No anverso do sobre figurará a mención: "oferta económica para a contratación mediante procedemento aberto do SERVIZO DE _____ presentada por (nome ou denominación social, enderezo, teléfono e fax)". Indicaranse os lotes aos que presenta oferta.

Conterá a proposta económica presentada estritamente conforme ao modelo que figura como Anexo Nº 2 deste prego. No caso de discordancia entre a cantidade consignada en cifras e a consignada en letra, prevalecerá esta última.

Na oferta económica entenderanse incluídos para todos os efectos os demais tributos, taxas e canons de calquera índole que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para o adxudicatario, como consecuencia do cumprimento das obrigas contempladas no presente prego.

O licitador comprométese a manter a súa oferta por un prazo mínimo de tres meses a contar desde a apertura das propostas.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

11) GARANTÍA PROVISIONAL

De acordo co disposto no art. 103, os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

12) DOCUMENTOS. ORIXINAIS E COPIAS

Os documentos que se acompañen ás propostas deberán ser orixinais. Non obstante, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo secretario ou funcionario en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

13) IDIOMA

Todos os documentos presentados polos licitadores en idiomas distintos do castelán ou do galego, deberán ir acompañadas da correspondente tradución a calquera destes idiomas. De non facelo así, teranse como non presentados, consideraranse documentos sen posibilidade de emenda e non pederán ser obxecto de valoración.

II.ADXUDICACIÓN

14) APERTURA DE PLICAS E CRITERIOS DE VALORACIÓN

A Mesa de Contratación Permanente do Concello da Capela, rematado o prazo para presentar ofertas, e unidade de acto procederá en primeira instancia á apertura do sobre A denominado " Documentación" e a avaliación da documentación de todas aquelas ofertas presentadas no prazo establecido no presente Prego de cláusulas administrativas particulares e cadro de características do contrato.

Con posterioridade a Mesa de Contratación se a documentación das empresas concorrentes á licitación e contratación estivera de acordo co Prego de cláusulas administrativas particulares procederá á apertura do sobre C denominado "Oferta económica.

Noutro caso darase un prazo de tres días para que as empresas corrixan ou subsanen os defectos na documentación presentada.

Antes da apertura da primeira proposición convidaráselles aos licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedendo a mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non se entregasen durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

14.1 Rexeitamento de proposicións

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte da licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desestimada pola mesa, en resolución motivada.

A administración terá alternativamenle a facultade de adxudicar o contrato á proposición económica mais vantaxosa, mediante a aplicación do criterio establecido no presente prego, ou declarar deserta a licitación (no caso de que non exista ningunha proposición que sexa admisible de acordo cos criterios fixados neste prego de condicións), motivando en todo caso a súa resolución con referencia aos criterios de adxudicación que figuran no presente prego.

14.2 Criterios de valoración

O único criterio de valoración é o de factor prezo no que a oferta económica valorarase ata 100 puntos, asinando a maior puntuación á oferta que presenta a oferta económica de menor importe, e o resto das ofertas serán valoradas de xeito proporcional de acordo coa seguinte fórmula:

$$P_i = (O_{\min} / O_i) \times P_{\max}$$

Onde,

P_i = Puntuación da oferta do licitador "i"

O_{\min} = Mínimo das ofertas económicas presentadas

O_i = Oferta económica do licitador "i"

P_{\max} = Puntuación máxima a obter por este criterio. De acordo co establecido nesta cláusula, 100 puntos.

14.2. Criterios de desempate

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu persoal maior número de traballadores con discapacidade (superior ao 2%) de conformidade co establecido na Disposición adicional 4ª do TRLCSP.

Se varias empresas licitadoras das que empataran canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 por 100, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu persoal.

Para estes efectos deberán presentar a documentación esixida na cláusula 10.1.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

14.3. Renuncia

A presentación da oferta vincula ao contratista coa administración de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á execución da obra, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a maneira de exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois de; a) a apertura de plicas, b) a proposta da mesa de contratación, c) a adxudicación, d) antes da formalización do contrato, e) o inicio e execución dos traballos f) a recepción etc. Faculta á Corporación para que proceda á incautación da garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e perdas causados á administración contratante e demais consecuencias previstas en TRLCSP.

A renuncia do licitador en curso en ofertas con valores anormais ou desproporcionados, ben de forma expresa ou non xustificando a baixa dentro do prazo concedido pola administración terá as mesmas consecuencias e efectos que se indicaron nos parágrafos anteriores.

Non obstante o disposto nos apartados anteriores, no caso de que a administración non acordara a adjudicación provisional no prazo de 2 meses, a contar desde a apertura das proposicións, o contratista terá dereito a retirar a súa proposición, de conformidade co disposto no art. 161.4 do TRLCSP.

15) ADXUDICACIÓN

15.1 Clasificación das ofertas

O órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas a cada un dos lotes, conforme ao precisado neste PCAP. Para realizar dita clasificación atenderase ao criterio de adxudicación sinalado neste prego podendo solicitar para elo cantos informes técnicos estime pertinentes.

15.2 Documentación a presentar polo ofertante proposto como adxudicatario de cada un dos lotes

O órgano de contratación requirirá ao licitador que tivera presentado a oferta economicamente máis vantaxosa para que, no prazo máximo de **10 días hábiles** a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a seguinte documentación:

1. Presentar a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**. Ambas as circunstancias poderán tamén acreditarse mediante o achegamento do certificado expedido polo Rexistro de Licitadores que acredite os anteriores extremos.
2. Presentar a documentación acreditativa de estar dado de **alta no imposto sobre Actividades Económicas**: a tal efecto, achegarán o **xustificante** de



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

estar dado de **alta** no imposto referida ao exercicio corrente, **ou a copia da carta de pagamento** do Imposto do último exercicio, á que se acompañará unha **declaración responsable de non estar dado de baixa** na matrícula do citado imposto.

No caso de estar **exento** deste imposto presentarán **declaración xustificativa** ao respecto.

3. Constituir a **garantía definitiva** por importe do 5 por cento do importe de adjudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se retire o art. 96 TRLCSP.

A administración poderá refuser a admisión de avais e seguros de caución provintes de entidades, que se atopen en situación de demora fronte á administración contratante como consecuencia da falta de pagamento de obrigas derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveren impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pagamento. Para estes efectos o contratista antes de constituir o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no caso de que o aval ou seguro for rexeitado pola administración.

5. Documentación xustificativa sobre aptitude, capacidade e solvencia:

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario

A-1) Empresario individual: fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación de ser o caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fose; escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, de ser o caso no correspondente rexistro oficial.

- Fotocopia da tarxeta de Código de identificación Fiscal (CIF), debidamente compulsada.

A-3) Empresas comunitarias,



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4)Empresas non españolas de estados asinantes do acordo sobre o Espazo Económico Europeo (islandia, Licchtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición adicional 14 TRLCSP).

A.5)Empresas non comunitarias.

1. Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular do ámbito territorial onde estea o domicilio da empresa.

2. Informe de reciprocidade: as persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga,

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre a reciprocidade en relación coas empresas de Estados asinantes do acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

A-6)Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos tribunais e xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ao licitante (art. 146.1 .d do TRLCSP)

B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil, (art. 55.2 do TRLCSP).

C) Poderes:

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en nome da que concorre perante a administración contratante e documento nacional de identidade do apoderado, orixinal ou copia autenticada por Notario.

O poder deberá figurar inscrito anteriormente no Rexistro Mercantil nos casos en que esta inscrición sexa esixida polo regulamento do mesmo.

D) Bastanteo de poderes:

Os poderes aos que se refire o apartado c) da presente cláusula, deberán bastantearse previamente polo/a secretario/a da Corporación ou funcionario/a habilitado/a.

E) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades:

Declaración responsable de que a empresa interesada non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 146.1 e 60 do TRLCSP. Esta declaración incluírá a manifestación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a empresa adxudicataria presente xustificación acreditativa de tal requisito antes da adxudicación definitiva. A declaración axustarase ao seguinte modelo:

D/D^a..... con DNI..... e domicilio en
..... provincia de rúa
.....nº.....

en nome propio ou en representación da empresa a que representa no
procedemento de adxudicación do contrato de execución do contrato

Titulo:.....

Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 60 e 146. 1.cdo TRLCSP

Así mesmo declara que está ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

(Lugar, data e sinatura do proponente)



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

De conformidade co artigo 73 TRLCSP, a declaración responsable haberá de estar outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

F) Documento de clasificación empresarial (no caso de que fose esixida polo Prego de condicións administrativas particulares ou, no caso de non ser esixible, para acreditar a súa solvencia) :

Certificación expedida pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Facenda (ou órgano correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia) de estar clasificado nos grupos, subgrupos e categoría que se especifiquen no proxecto, no caso de que se esixa clasificación conforme o disposto na cláusula 7 do presente prego e epígrafe 6 do cadro de características.

No entanto, para as empresas non españolas de estados membros da Comunidade Europea que non estean clasificadas será suficiente que acrediten perante o órgano de contratación a súa solvencia técnica e económica na forma prevista no apartado G) da presente cláusula.

G) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica:

Todos os licitadores, excepto no suposto que se dispoña da clasificación correspondente que substitúa a solvencia, deberán xustificarse a súa solvencia económica e financeira e a súa solvencia técnica:

Mediante a acreditación de que está clasificada a empresa no grupo e subgrupo e clasificación que se indica no epígrafe 6 do cadro de características do PCAP (ver apartado F dese requirimento).

Ou, no caso de que a empresa non estea clasificada, deberá acreditar a solvencia mediante:

- Económica e financeira mediante a xustificación do volume anual de negocios . O volume anual de negocios do licitador acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no rexistro mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no rexistro mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo rexistro mercantil.
- E a solvencia técnica mediante a relación dos servizos do mesmo tipo ou natureza executados no curso dos últimos cinco anos, acompañada de certificados de boa execución.

H) Unións temporais de empresas.

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituirse formalmente en UTE caso de



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 do TRLCSP e cláusula 7 do presente prego,

I) Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas e rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña:

Os licitadores poderán indicar o rexistro no que estean inscritas acompañando a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o art. 328 do TRLCSP, caso no que estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios coa fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.

Non obstante aquelas empresas que figuren inscritas no rexistro oficial de licitadores da Xunta de Galicia ou no Rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, acompañarán unha copia do informe relativo aos datos inscritos ou a simple referencia ao número de inscrición no Rexistro e en consecuencia quedarán dispensadas de presentar os documentos referidos nos apartados; A), B), C), D), e F) sempre que os citados documentos estean vixentes.

A tales efectos, de conformidade co disposto no artigo 146.3 TRLCSP, cando acrediten a clasificación e a personalidade xurídica e da súa representación mediante a referencia á inscrición nun Rexistro de licitadores, deberán acompañar unha declaración responsable do licitador na que manifeste que as circunstancias reflectidas no certificado non experimentaron variación.

J) Autorización para a cesión de información relativa a obrigas tributarias co Estado e da Seguridade Social en procedementos de contratación,

Axustarase ao seguinte modelo;

D/D^a..... con residencia
.....provincia de..... rúa
.....nº segundo DNI nº en
nome propio ou da empresa..... á que representa no procedemento
de adxudicación do contrato de execución do contrato

Título:

Autoriza á administración contratante a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación o estime oportuno.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

K) Compromiso de manter os medios humanos e materiais adscritos a realización das prestacións obxecto do contrato durante todo o tempo que dure este e no caso de necesitar substituílos, manter o mesmo número e categoría. O incumprimento deste compromiso de adscrición considerase incumprimento dunha obriga esencial aos efectos previstos no artigo 223 TRLCSP. Non obstante o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos do artigo 212.1 TRLCSP.

Para estes efectos deberán presentar o seguinte documento:

D./D^a..... con DNI..... e domicilio en
..... provincia de..... rúa n^o..... en nome
propio ou en representación da empresa á que representa no
procedemento de adxudicación do contrato de execución do servizo

Título:.....

Declara que

se compromete a adscribir á execución dos traballos os medios persoais e materiais suficientes para elo e, en todo caso, os comprometidos na súa oferta.

Manter os medios humanos e materiais adscritos á realización das prestacións obxecto do contrato durante o tempo que dure este e no caso de necesitar substituílos, manter o mesmo número e categoría.

A Acreditar que efectivamente dispón deles a requirimento do Concello en calquera momento de execución do contrato.

(Lugar, data e sinatura do proponente)

15.3. Adxudicación

Dentro dos 5 días hábiles seguintes a aquel en que se recepcione a documentación do ofertante proposto á que se refire o epígrafe anterior, o órgano de contratación deberá acordar a adxudicación, sempre que este presente a devandita documentación e acredite que reúne as condicións esixidas.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

Non poderá declararse deserta a licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo co criterio que figure no PCAP, polo que de non reunir o primeiro ofertante proposto os requisitos necesarios para ser contratado, adjudicárase o contrato ao seguinte ofertante proposto seguindo a clasificación realizada conforme á cláusula 15.1 deste PCAP.

16) FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A formalización do contrato realizarase antes de que transcorran **15 días hábiles** desde a recepción da notificación da adjudicación ao licitador proposto como adjudicatario.

O incumprimento desta previsión é causa de resolución do contrato, podendo, nestes supostos, acudirse aos seguintes licitadores propostos seguindo a clasificación realizada conforme á cláusula 15.1 deste PCAP, sempre que iso fose posible e que o novo adjudicatario preste a súa conformidade.

A proposta de mellora aceptada, de ser o caso, polo órgano de contratación na adjudicación formará parte do contrato, debendo, para tal efecto, recollese expresamente no mesmo. Simultaneamente coa sinatura do contrato deberá ser asinado polo adjudicatario o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, que formarán parte do contrato como anexo ao mesmo.

No caso de que o adjudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, deberá achegar a escritura pública de formalización da mesma, que debe ter unha duración coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Unha vez formalizado o contrato e antes do comenzo da súa execución, o adjudicatario deberá de presentar a **documentación acreditativa de dispor dos seguros esixidos** neste prego e calquera outro documento acreditativo da súa aptitude para contratar ou da efectiva disposición dos medios que comprometesen a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 75.2 do TRLCSP que lie reclame o órgano de contratación.

17) TRIBUTOS

O adjudicatario estará obrigado a aboar os tributos que pesen sobre o contrato ou de ser o caso sobre o obxecto do contrato.

III- EXECUCIÓN DO CONTRATO

18) RESPONSABLE DO CONTRATO. EXECUCIÓN DO CONTRATO

18.1 Responsable do contrato



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

O órgano de contratación poderá designar un responsable do contrato para cada un dos lotes, ao que corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias coa fin de asegurar a correcta execución da prestación pactada. O responsable do contrato poderá ser unha persoa física o xurídica.

O responsable do contrato velará pola axeitada xestión contractual de modo que na súa execución non se dean situacións que poidan propiciar a existencia dunha cesión ilegal de traballadores ou dar lugar a declaración de relacións de laboralidade entre a Administración e o persoal da contrata. En concreto, velará especialmente porque:

- o contratista achegue a súa propia dirección e xestión ao contrato e sexa responsable da organización doservizo.
- A empresa contratista, a través dos delegados/as por ela designados, sexa responsable de impartir aos seus traballadores as correspondentes ordes, criterios de realización do traballo e directrices de como distribuílo, de tal xeito que o órgano contratante sexa allea a estas relacións laborais.
- Se canalicen, a través dos delegados/as do contratista, as posibles incidencias que se formulen na execución dos traballos.
- Corrixir inmediatamente calquera incidencia ou desviación na execución que poida suponer infracción das regras mencionadas, así como dar parte ao órgano de contratación de tal situación.

A designación ou non do responsable do contrato, e o exercicio ou non polo mesmo das súas facultades, non eximirá ao contratista da correcta execución do obxecto do contrato, salvo que as deficiencias sexan debidas a orde directa do mesmo.

O nomeamento do responsable do contrato será comunicado por escrito ao contratista no prazo de quince días desde a data de formalización do contrato e, de ser o caso, a súa substitución en idéntico prazo, desde a data na que se producirá.

O contratista, sen custos adicionais, facilitará á administración asistencia profesional nas reunións explicativas ou de información que esta estime necesarias para o aproveitamento da prestación contratada.

O contratista achegará a súa propia dirección e xestión ao contrato, sendo responsable da organización do servizo, da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados nos termos do artigo 305.2 do TRLCSP.

A empresa contratista disporá para a execución do contrato dunha estrutura xerarquizada, que se precisará no estudo organizativo do servizo, que se fará responsable de impartir aos seus traballadores as correspondentes ordes, criterios de realización do traballo e directrices de como distribuílo.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

Corresponderanlle á Administración os poderes de verificación e control da contrata establecidos no TRLCSP.

18.2 Execución do contrato

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista,

- O contrato executarase con suxeición ao establecido nas súas cláusulas e nos pregos, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dése ao contratista o órgano de contratación, e de acordo tamén co estudo organizativo presentado polo contratista.

Os monitores que impartan actividades que impliquen traballar con menores deberán acreditar non ter sido condenados por sentencias firme por algún delito contra a liberdade e integridade sexual. A estes efectos, unha vez formalizado o contrato e antes do comenzo da súa execución o contratista deberá aportar certificado negativo de delitos de natureza sexual respecto a estes monitores, segundo establece a Ley Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor,

O contratista non poderá substituír ao persoal facultativo adscrito á realización dos traballos, sen a expresa autorización do órgano de contratación, debendo achegar coa solicitude de substitución a documentación acreditativa de que o substituto dispón da capacidade esixida no PCT incluído, no seu caso, o certificado negativo ao que se fai referencia no parágrafo anterior. Nos casos de urxencia, entendendo como tales aqueles nos que sexa materialmente imposible agardar a obter a pertinente autorización a empresa poderá levar a cabo a substitución sen previa autorización, comunicándoa ao responsable do contrato (telefónicamente e/ou mediante correo electrónico) e recabando posteriormente a autorización do órgano de contratación.

- A empresa contratista disporá dun delegado/a do contratista, que dirixirá e organizará a actividade dos traballadores da empresa destacados nas instalacións municipais, controlando, ademais, a execución do servizo. A través deste delegado/a canalizáronse as posibles incidencias que se formulen na execución dos traballos.
- A dotación inicial de medios destas instalacións correspóndelle ao concello, aínda que a organización físicas das mesmas, sen prexuízo das limitacións que poida imponer a Administración, e a provisión de medios materiais adicionais corresponde á contrata.
- É responsabilidade da empresa contratista facilitar aos seus traballadores os medios materiais necesarios para levar a cabo o seu traballo.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

-
- O contratista deberá subscribir un seguro de responsabilidade civil que cubra a totalidade dos posibles danos persoais e/ou material directos ou indirectos a terceiros ou bens que se poidan causar durante a execución do contrato. Ademais, deberá subscribir un seguro de accidentes que cubra os posibles accidentes e que garanta a cobertura sanitaria de todos os participantes nas actividades.
 - Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato, (art. 214 TRLCSP)

19) LUGAR/ES DE PRESTACIÓN DO SERVIZO. PRAZO DE DURACIÓN

A prestación do servizo terá lugar nos locais indicados polo concello, que se especifican nas prescricións técnicas,

O prazo de duración do contrato será o fixados no epígrafe 5 do cadro de características e comezará a contar a partir do día seguinte ao da sinatura do contrato.

A mora do adxudicatario non requirirá a anterior intimación por parte da administración.

20) CALIDADE DOS SERVIZOS

O adxudicatario deberá realizar as prestacións do presente contrato nas condicións mais óptimas de calidade utilizando os medios persoais e materiais máis axeitadas para garantir a súa óptima execución.

O Concello poderá verificar en calquera momento a correcta execución do contrato, podendo solicitar a documentación que estime oportuna e as inspeccións que considere necesarios.

É responsabilidade da empresa contratista e dos seus delegados/as impartir todas as ordes, criterios de realización do traballo e directrices aos seu traballadores, sendo a Administración pública de todo allea a esas relacións laborais. Corresponde así mesmo á empresa contratista a vixiancia do horario de traballo dos traballadores, as posibles licenzas horarias ou permisos ou calquera outra manifestación das facultades do empregador. En todo caso, na forma establecida nestes pregos, o servizo deberá quedar sempre convintemente cuberto.

21) RECEPCIÓN

O órgano de contratación determinará se a prestación realizada polo contratista se axusta ás prescricións establecidas para súa execución e cumprimento, requirindo, de ser o caso, a realización das prestacións contratadas e a emenda dos defectos observados con ocasión da recepción. Se os traballos efectuados non se axeitan á prestación contratada, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

contratista, poderá rexeitar a mesma quedando exento da obriga de pagamento ou tendo dereito, de ser o caso, á recuperación do prezo satisfeito.

A recepción do obxecto do contrato executarase de acordo co previsto nos artigos 222 e 307 do TRLCSP.

22) CUMPRIMENTO NORMATIVA LABORAL E DE SEGURIDADE SOCIAL.

O adxudicatario deberá cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de prevención de riscos laborais.

23) DEREITOS E OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

23.1. Dereitos do adxudicatario.

- Dereito ao aboamento do servizo que realmente realice con arranxo ás cláusulas do presente prego, e de conformidade co programa de traballo previsto para cada anualidade e de acordo coa disposición transitoria 8ª da Lei 15/2010 do 5 de xullo pola que se establecen as medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o devandito aboamento deberá efectuarse dentro dos seguintes prazos:

O prazo no que as administracións teñen que aboar o prezo das obrigas ás que se retire o apartado 4 do artigo 200 será dentro dos 30 días seguintes á data de aprobación das facturas ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato.

Para que haxa lugar ao comenzo do cómputo de prazo para o devengo de intereses, o contratista deberá de cumprir a obriga de presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente, en tempo e forma, no prazo de trinta días desde a data da prestación do servizo.

A Administración deberá aprobar as facturas ou os documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato servizos prestados dentro do trinta días ao último do mes no que se producirá a prestación do servizo, salvo acordo expreso en contrario establecido no contrato e nalgún dos documentos que rexan a licitación.

En todo caso, se o contratista incumprise o prazo de trinta días para presentar a factura ante o rexistro administrativo, o nacemento da obriga de pagamento de intereses non se iniciará ata transcorridos trinta días desde a data de presentación da factura no rexistro correspondente, sen que a Administración aprobese a conformidade, se procede, e efectuado o correspondente abono.

- Se a administración demorase o pagamento do prezo, computado a partir do cumprimento do prazo a que se refire o apartado anterior, o adxudicatario terá dereito a partir do cumprimento deste prazo, a cobrar os xuros de demora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei de 29 de decembro de 2004 pola que se establecen as medidas de loita contra a



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

morosidade nas operacións comerciais e art. 216.4 do TRLCSP. Se a factura contivese algún erro ou omisión ou esta non se presentara no Rexistro Xeral, o prazo para esixir o xuro de demora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivera a factura ou ata que se presente a mesma no Rexistro Xeral.

- Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no suposto de que a demora do pagamento fose superior a catro meses, debendo comunicar á administración cun mes de antelación tal circunstancia, para efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse desta suspensión, nos termos establecidos na LCSP.
- Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia disto se le orixinen, se a demora da administración fose superior a oito meses.
- Dereito a transmitir os dereitos de cobramento, nos termos do artigo 218 do TRLCSP.

23.2.Obrigas do adxudicatario.

Ademáis das previstas no prego de prescricións técnicas, establécense as seguintes obrigas:

- Ter subscrito un **seguro de responsabilidade civil** que cubra a totalidade dos posibles danos persoais e/ou material directos ou indirectos a terceiros ou bens que se poidan causar durante a execución do contrato, incluíndo os posibles danos nos bens públicos que se ocupen ou que se utilicen.
- Ter subscrito un **seguro de accidentes** que cubra os posibles accidentes que garanta a cobertura sanitaria de todos os participantes nas actividades.
- A empresa contratista disporá dun **delegado/a do contratista**, que dirixirá e organizará a actividade dos traballadores da empresa destacados nas instalacións onde se impartan as actividades, controlando, ademáis, a execución do servizo. A través deste delegado/a canalizaranse as posibles incidencias que se formulen na execución dos traballos.
- O contrato se executará con **estrita suxeición ás estipulacións contidas no presente prego** de cláusulas administrativas particulares, observando fielmente o establecido no prego de prescricións técnicas, así como as instrucións que, no seu caso, dera o responsable do contrato designado polo órgano de contratación,
- E responsabilidade da empresa contratista facilitar aos seus traballadores os **medios materiais necesarios** para levar a cabo o seu traballo.
- De conformidade co disposto polo artigo 13 da Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de **Protección xurídica do menor**, de modificación parcial do Código



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

Civil e da Lei de enxuízamento civil, ao tratarse dunha actividade que implica contacto habitual con menores, o contratista deberá achegar certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais de cada un dos traballadores que interveñan na execución dos traballos.

- O presente contrato implica o tratamento de **datos de carácter persoal**, polo que deberá respetarse na súa integridade a Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e a súa normativa de desenvolvemento. A estes efectos, o contratista terá a consideración de Encargado do Tratamento de datos de carácter persoal de cuxo tratamento sexa responsable a entidade contratante, como Responsable do Tratamento. Neste suposto, o acceso a eses datos non se considerará comunicación de datos, de acordo ó previsto no artigo 12.2 e 3 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

Cando finalice a prestación contractual os datos de carácter persoal deberán ser devoltos ou ben postos á disposición do novo Encargado de Tratamento designado polo Concello. O Encargado do Tratamento saínte conservará debidamente bloqueados os datos en tanto puidesen derivarse responsabilidades da súa relación coa entidade responsable do tratamento, procedendo á súa destrución, unha vez finalizado o prazo previsto ou legalmente establecido.

No caso de subcontratación por parte do encargado do tratamento deberán de cumprirse os seguintes requisitos:

- A. Que devandito tratamento especificouse no contrato asinado pola entidade contraínte e o contratista.
- B. Que o tratamento de datos de carácter persoal se axuste ás instrucións do Responsable do Tratamento.
- C. Que o contratista e o terceiro Encargado do Tratamento formalicen o obrigado contrato nos termos previstos no artigo 12.2 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

Nestes casos, o terceiro terá tamén a consideración de Encargado do Tratamento.

A empresa adxudicataria e o persoal que interveña na execución deste contrato deberán de cumprir co deber de segredo e confidencialidade sobre os datos ou informacións dos que teñan coñecemento durante a execución do contrato, mesmo despois de finalizar o prazo contractual. Para os efectos do cumprimento do recollido nesta cláusula, o contratista comprométese explicitamente a formar e informar ao seu persoal das obrigacións que dimanaran do establecido nestas normas. O contratista comprométese a non



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

facilitar información nin datos proporcionados polo Concello da Capela para calquera uso non previsto no presente Prego.

En particular, non lles proporcionará, sen autorización expresa do Concello, copia dos documentos elaborados ou datos a terceiras persoas, físicas ou xurídicas, agás que fosen sometidas tamén a acordos de confidencialidade, tamén autorizados polo Responsable do Tratamento. Todos os datos manexados polo contratista derivados da prestación contratada, incluíndo os soportes empregados (papel, fichas, disquetes, cintas, CD, etc.) serán propiedade do Concello, sen que o contratista poida conservar copia ou empregalos con finalidade distinta á que figura no contrato.

Igualmente, serán de aplicación as disposicións de desenvolvemento da norma anterior que se atope en vigor na data de adxudicación deste contrato ou que poidan estalo durante a súa vixencia

24) PAGAMENTOS

O adxudicatario ten dereito ao aboamento do prezo convido, con arranxo ás condicións establecidas no contrato, correspondente aos traballos efectivamente realizados. Polo tanto, en caso de que calquera das actividades incluídas no contrato non puidera ser realizada, tal circunstancia será notificada ao contratista coa máxima antelación posible, e os traballos non poderán ser obxecto de facturación.

O pagamento do prezo realizarase mensualmente, previa presentación polo contratista da factura correspondente (art. 216.2 TRLCSP). Estes pagamentos parciais non implican conformidade co correcto cumprimento das abrigas do contrato durante o periodo a que se refiren (art. 307.1 TRLCSP)

Aqueles traballos que foran executados de forma deficitaria ou defectuosa, ou que non se axusten ás condicións establecidas no contrato, a xuízo do responsable do contrato, poderán ser deducidos da facturación, previa audiencia ao contratista, e polo tanto, non serán aboados polo concello ao adxudicatario. (art. 307.1 TRLCSP).

O contratista terá a obriga de presentar a factura polos servizos prestados ante o correspondente rexistro administrativo aos efectos da súa remisión a unidade a quen corresponda a tramitación da mesma:

- Órgano administrativo con competencia en materia de contabilidade pública. SECRETARÍA- INTERVENCIÓN. (oficina contable) LA0002527
- Órgano de contratación: ALCALDÍA, (órgano xestor) LA0002426
- Unidade destinataria da prestación do servizo: A unidade tramitadora para todos os Lotes é: LA0002521
- O código DIR3 do Concello da Capela é L001150183



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

Con cada factura o contratista achegará:

- Como condición para o primeiro pagamento, o contratista deberá presentar copia dos contratos de traballo subscritos con cada unha das persoas empregadas, debidamente comunicados ao Servizo Público de Emprego. De igual modo procederá o contratista en calquera variación do persoal que se empregue.
- Informe correspondente ao mes obxecto de facturación no que detallen as actuacións realizadas e propostas de mellora
- A conformidade do responsable municipal dos traballos.

25) PENALIDADES ADMINISTRATIVAS

Cando o contratista por causas imputables ao mesmo, incorrera en demora respecto ao cumprimento do prazo de inicio na prestación do servizo, a administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1000 euros do prezo do contrato,

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

O órgano de contratación, a proposta do responsable do contrato (se fora designado), adoptará o acordo de imposición de penalidades, que será inmediatamente executivo. As penalidades faranse efectivas mediante a dedución das cantidades que deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía que se constituíse, cando non podan deducirse dos devanditos pagamentos.

De conformidade co artigo 212 TRLCSP que dispón que os pregos pederán prever penalidade para o caso de cumprimento defectuoso da prestación obxecto do mesmo (art. 196 apartado 1) ou para o suposto de incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do contrato (art. 212 apartado 4 parágrafo segundo), establécense as seguintes penalidades:

a) Terán a consideración de infraccións leves aquelas que, pese ao incumprimento das cláusulas contractuais, non supoñan un prexuízo de grande entidade, conlevarán unha penalidade de ata 300 € e tipifícanse como tales as seguintes:

- As que impliquen negligencia na prestación do servizo e supoñan unha alteración leve no servizo.
- A omisión do deber de comunicar as incidencias ou anomalías non imputables ao contratista e que sexan detectadas.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

- Terán a consideración de infraccións graves e conlevarán unha penalidade de 300€ ata 1500€ as seguintes:
 - A desobediencia das ordes do responsable do contrato.
 - As accións ou omisións que alteren a regularidade na prestación do servizo de forma grave, así como a carencia de elementos de seguridade necesarios para a prestación do servizo.
 - A deficiente realización das actividades contratadas, así como a non impartición das clases incluídas no contrato sen xustificación nin autorización previa do responsable do contrato. Esta autorización deberá ser por escrito e emitida previamente á hora de celebración prevista para a clase non impartida. No caso de urxencia, esta autorización poderá ser verbal, pero posteriormente haberá de documentarse por escrito, xustificación a urxencia.
 - O trato irrespetuoso ao público, persoal municipal ou axentes da autoridade, así como calquera acción do persoal que supoña un desprestixio do servizo.
 - Non acudir ás xuntanzas de seguimento do contrato cando sexa convocado.
- Terán a consideración de infraccións moi graves e poderán dar lugar á resolución do contrato, sen prexuízo da aplicación das sancións ás que houberse lugar a xuízo do órgano de contratación ou, no seu caso, á imposición de penalidades de 1500€ ata 3000€ todas as que supoñan un incumprimento das condicións do contrato ou unha deficiente prestación do servizo, ademais das seguintes:
 - A utilización das instalacións, elementos ou maquinaria adscritos ao servizo para fins distintos dos previstos no contrato.
 - Obstaculizar a inspección ou fiscalización do persoal municipal,
 - Incumprir as normas laborais ou o convenio colectivo do persoal a empregar.
 - Ceder o contrato sen a debida autorización municipal ou realizar subcontratacións contrarias a este prego ou sen autorización municipal.
- Incumprir obrigas salariais ou de seguridade social respetos aos traballadores a empregar. Suspensión total ou parcial da prestación do contrato polo contratista incumprimento do compromiso de achega de medios para a execución do contrato.
- A reiteración da comisión de infraccións (entendida a reiteración como a comisión de tres ou máis faltas) será unha circunstancia agravante que, no seu caso, será sancionada co tipo inmediatamente superior.
- As penalidades o órgano de contratación impoña ao contratista faranse efectivas, previa audiencia ao contratista por prazo non superior a dez días, mediante dedución das cantidades mensuais que deban aboarse ao contratista ou sobre a garantía definitiva que se constituirá, cando non poidan deducirse dos devanditos pagamentos mensuais.



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

Neste último caso, a garantía definitiva deberá completarse na forma establecida na TRLCSP

• 26) MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

-
- De acordo co disposto no artigo 106 do TRLCSP, advírtese que este contrato poderá modificarse cando se deán as seguintes condicións:
 - a. O número de matriculados varíe respecto ao inicialmente previsto, de tal xeito que sexa necesario variar o número de grupos.
- As datas de inicio ou fin inicialmente programadas sufrirán variación,
- As modificacións a realizar terán como límite o 10% do orzamento inicialmente previsto para esta licitación.
- En canto ás modificacións non previstas neste prego, só poderán efectuarse cando se xustifique a concorrencia de algunha das circunstancias previstas no apartado 1 do artigo 107 TRLCSP. Estas modificacións limitaranse a introducir a variacións estritamente indispensábeis para responder á causa obxectiva que a faga necesaria e sempre que non afecten ás condicións esenciais da licitación e adxudicación.

27) CESIÓN DE CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN DE TRABALLOS

a) Cesión de contrato

Os adxudicatarios non poderán ceder os dereitos dimanantes do contrato sen obter previamente a autorización do órgano de contratación, e os requisitos e condicións establecidos nos artigos 226 do TRLCSP.

O cesionario deberá constituir a garantía dentro do prazo máximo de 15 días naturais contados desde a autorización expresa polo órgano de contratación da cesión. A non constitución da garantía dentro de devandito prazo dará lugar á resolución do contrato.

b) Subcontratación

Os adxudicatarios non poderán concertar con terceiros a realización parcial da prestación sen obter previamente a autorización do órgano de contratación, cos requisitos e condicións establecidos nos artigos 227, 228 e 228 bis do TRLCSP. En todo caso as prestacións parciais que o adxudicatario subcontrate con terceiros non poderán exceder do 60 por 100 do importe de adxudicación.

O incumprimento por parte do contratista deste límite máximo de subcontratación, considerarase incumprimento das súas obrigacións contractuais esenciais e en



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

consecuencia dará lugar á resolución do contrato con incautación de garantía e indemnización por danos e perdas á administración contratante.

O contratista está obrigado a aboar o prezo pactado aos subcontratistas ou subministradores, dentro dos prazos e conforme as condicións establecidas no art. 228 do TRLCSP.

c) Comprobación dos pagos aos subcontratistas ou subministradores:

A administración contratante, a través do responsábel do contrato ou outros técnicos designados polo órgano de contratación, poderá comprobar o estrito cumprimento dos pagos que os contratistas adxudicatarios do contrato fían de facer a todos os subcontratistas ou subministradores que participen neles.

28) PRAZO DE GARANTÍA

Se establece un prazo de garantía dun ano a contar dende a data de finalización da prestación, de tal forma que a garantía definitiva devolverase ao contratista unha vez transcurrido este prazo, previo informe de conformidade do departamento xestor do contrato.

Cando o contratista reúna os requisitos de pequena ou mediana empresa, definida segundo o establecido no Regulamento (CE) n.º 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado e non estean controladas directa ou indirectamente por outra empresa que non cumpra tales requisitos, o prazo reducirase a seis meses. (art. 102 TRLCSP)

29) CAUSAS DE RESOLUCIÓN

- Con carácter xeral serán as previstas nos artigos 223 e 308 do TRLCSP, cos efectos previstos nos artigos 225 e 309.
- O incumprimento do compromiso de manter os medios humanos e materiais adscritos a realización das prestacións obxecto do contrato durante todo o tempo que dure este e no caso de necesitar substituílos, manter o mesmo número e categoría considerarase incumprimento dunha obriga esencial aos efectos previstos no artigo 223 TRLCSP. Non obstante o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos do artigo 212.1 TRLCSP.
- Será causa específica de resolución do contrato o incumprimento da(s) condición(s) específica(s) de execución previstas no presente prego de condicións, relativa ás condicións laborais do persoal adscrito á súa execución (cláusula 10.1.6 PCAP).



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

- A comisión dunha infracción moi grave.

IV. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN

30) PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN

O órgano de contratación, que actúa en nome do Concello da Capela, é o ALCALDE.

Compete ao órgano de contratación as prerrogativas de interpretar o convido, modificar as prestacións por conveniencia do servizo e de suspender a súa execución por causa de utilidade pública, indemnizando, de ser o caso, os posibles danos e prexuízos ocasionados nos termos establecidos na Lei de contratos do sector público.

31) RÉXIME XURÍDICO

O presente contrato de servizos ten carácter administrativo, e ambas as partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector público e normas complementarias e de ser o caso da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución así como as demais disposicións de desenvolvemento. Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltas polo órgano de contratación, e os seus acordos porán fin á vía administrativa e contra os mesmos haberá lugar a recurso contencioso administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora desta xurisdición, logo de interposición, no seu caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que as persoas interesadas estimen procedente. Nos supostos a que se refire o artigo 37 do TRLCSP as persoas interesada deberán interpoñer o recurso especial en materia de contratación.



CONCELLO DA CAPELA
 As Neves, 46-A • 15613 A Capela
 Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371
 E. electrónico: correo@concellodacapela.es
 Web: www.concellodacapela.es

ANEXO I. CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

0. REGULACIÓN HARMONIZADA	a) contrato non suxeito a regulación harmonizada			X
	b) contrato suxeito a regulación harmonizada			
1.PROXECTO	Servizo de actividades culturais, deportivas, e de benestar de 2018/2021			
1.bis. CODIFICACIÓN	Vocabulo común de contratos.	92600000-7 92300000-4		
2. ORZAMENTO		PREZO SEN IVE	IVE	TOTAL
	Lote 1 Escolas Deportivas	23.805,00€	4.999,05€	28.804,05€
	Lote 2 Servizos Deportivos Piscina Municipal	24.609,00€	5.167,89€	29.776,89€
	Lote 3 Actividades de Benestar Social	22.809,90€	4.750,08€	27.599,98€
3. VALOR ESTIMADO	71.223,90€ excluído o IVE			
4. APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Lote 1 : 341.22799 Lote 2: 342.22799 Lote 3: 231.22799			
5.PRAZO DE DURACIÓN	3 ANOS (2 anos + 1 prórroga)			
6.CLASIFICACIÓN	Non se esixe.			
7. FORMA E MEDIO DE CONSULTA E LUGAR DE PRESENTACIÓN	CONSULTA: no perfil de contratante en www.concellodacapela.es LUGAR DE PRESENTACIÓN: Rexistro de entrada do Concello da Capela, sito en As Neves, 46 A 15613 A Capela (A Coruña)			
8. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS	15 días naturais dende o seguinte ao da publicación de anuncio no BOP			
8.BIS PUBLICIDADE DA LICITACIÓN (Indicar a opción elixida)	Publicidade mediante anuncio no BOP			X
	Publicidade mediante anuncio no perfil de contratante			X
9.PERFIL DE CONTRATANTE	8.1 Enderezo páxina web: www.concellodacapela.es			
	8.2 Publicación de adjudicación (indicar a opción elixida):			
	a) en BOP			X
b) en perfil de contratante			X	
10. GARANTÍA DEFINITIVA	5% do importe de adjudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido			
11. TAXAS DO CONTRATO	Non			
12. REVISIÓN DE PREZOS	Non			
13. CONTROL DE CALIDADE	Non			
14. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN A CONTA DO CONTRATISTA	A. DIARIOS OFICIAIS	SI	TARIFA ORDINARIA/URXENTE	NON
	300,00 €	BOP	X	BOP
15. VARIANTES OU MELLORAS (indicar a opción elixida)	Non se admite a presentación de variantes ou melloras			X
	Admítese a presentación de variantes ou melloras			



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

ANEXO II: MODELO DE PROPOSICIÓN

D/ D^a _____ con domicilio en . ___ rúa ___ núm _____ teléfono . _____ e correo electrónico . _____, con DNI (ou pasaporte ou documento que o substitua) núm. _____, actuando en nome propio (ou en representación de _____ DNI ou CIF núm. e con domicilio en rúa _____ . núm. _____ . teléfono _____)

toma parte no procedemento aberto con un único criterio de valoración : factor prezo para a adxudicación da execución do servizo denominado "Escolas deportivas Servizos Deportivos, Piscina Municipal e Actividades de Benestar Social", do Concello da Capela e para cuxos efectos fai constar:

1º. Que presenta oferta para a execución do servizo e que ofrece o seguinte prezo:

Lote	(A) Prezo por hora sen IVE	(B) Imposto sobre o valor engadido (IVE)	TOTAL (A+B) Anual	TOTAL Contrato (3 anos)
Lote 1 Escolas deportivas				
Lote 2 Servizos Deportivos, Piscina Municipal				
Lote 3 Actividades de Benestar Social				

2º. Que coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos Pregos de cláusulas administrativas particulares do presente contrato.

3º. Que se acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas administrativas particulares.

_____, de _____ de 2017

O licitador (asinado e rubricado)



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46-A • 15613 A Capela

Teléfono: 981 459 006 • Telefax: 981 459 371

E. electrónico: correo@concellodacapela.es

Web: www.concellodacapela.es

ANEXO III: MODELO DE SOBRE

(1)

	A. DOCUMENTACIÓN
	C. OFERTA ECONÓMICA

Proposición para tomar parte na contratación o servizo de (2)

Presentada por

Teléfono

Correo-electrónico a efectos de notificacións

_____, de _____ de 2017

(1) Indicar sobre A,C segundo a documentación que comprenda, conforme ao disposto na cláusula 10.

(2) Indicar o título de contrato.